

Este documento forma parte do expediente n.º

2507/111
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo, 28 11 1999

O SECRETARIO DA XERENCIA,

**ANEXO A APROBACION INICIAL DO DOCUMENTO DO PLAN ESPECIAL DE
MELLORA DE NUCLEO RURAL MATOCA - 12.05.C**

1.- ANTECEDENTES

O Consello da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, en sesión do 17 de abril de 1998 adoutou o seguinte acordo :

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Plan Especial de Mellora de Nucleo Rural 12.05 - Matoca, Oia, redactado polos arquitectos D. Javier Alonso Davila e D. Arsenio Piñeiro Santos, sometendo a informacion publica polo prazo dun mes na forma previstan no artigo 42.1. e 6 da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, unha vez se presente a documentacion a que se refire o punto seguinte.

SEGUNDO.- Requerir ao equipo redactor do Plan Especial para que, previamente a informacion publica do expediente, presente documentacion rectificadora incluíndo a totalidade das zonas verdes previstas no ambito de poligonos, a dona Lucinda Rial Valverde como propietaria da parcela numero 34 do plano parcelario de conformidade coa súa suxerencia presentada fora de prazo ao avance (DOC.9782743), así como presenten relacion dos propietarios afectados, cos seus domicilios, pola delimitacion de poligonos no ambito do plan, aos efectos de notificarlles individualmente o tramite de informacion publica, conforme establece o artigo 42.6 da Lei 1/1997.

2.- RECTIFICACIONES.

* No apartado 3.2.1. da Memoria do Documento a Aprobacion Inicial inclúese a totalidade da superficie das zonas verdes no poligono delimitado como U.E.-1, variando a superficie total a ordenar que pasa de ter 6.425.00 m2 a 7.197.00 m2 quedando a ficha redactada da seguinte maneira:

Este documento forma parte do expediente n.º

2597/411
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

U.E. - 1

Vigo, 28 JUN 1998

O SECRETARIO DA XERENCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

ORDENANZA REGULADORA:

R2 DE EDIFICACION UNIFAMILIAR AILLADA

PARAMETROS:

Superficie bruta de actuación: 7.197 m²

Edificabilidade: 0.5 m²/m² sobre superficie bruta de actuación.

Número máximo de vivendas: 16

Altura máxima: B+1 (duas plantas)

Cesións obrigatorias : Obterase a area dunha superficie de 772.00 m², grafiada nos planos de ordenacion, para uso de zona verde.


3.- DOCUMENTACION COMPLEMENTARIA.

* Ao plano de informacion urbanistica identificado co numero 1.07 adxuntaselle unha relacion dos propietarios cos seus enderezos sinalando aquelas propiedades incluídas nos ambitos de poligonos.

* Recollese a suxerencia presentada por dona Lucinda Rial Valverde sobre o recoñecemento da propiedade da parcela numero 34, o que se inclue na documentacion do Plan Especial.

Vigo, a once de maio de 1.998

Fdo / Javier Alonso Davila



Fdo/ Arsenio Piñeiro Santos





Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

CONCELLO DE VIGO

DILIXENCIA. - Para hacer constar que o presente documento é reprodución fiel do seu orixinal.

O SECRETARIO XERAL,

este documento forma parte do expediente n.º

- 4597/411 -

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

DON FRANCISCO JAVIER GARCÍA MARTÍNEZ, SECRETARIO DA XERENCIA DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

O SECRETARIO DA XERENCIA,

CERTIFICO: Que o Consello da Xerencia de Urbanismo en sesión do día 17 de abril de 1998 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

5.- APROBACIÓNS INICIAIS:

b) PEMM NÚCLEO 12.05 MATOCA (OIA)

Antecedentes:

Con data 14.04.98 o xefe de Planeamento e Xestión informa:

"Unha vez concluída a fase de formulación e elaboración do PLAN ESPECIAL DE MELLORA DO MEDIO NO NÚCLEO RURAL 12.05 MATOCA - OIA, O Colexio Oficial de arquitectos de Galicia, subdelegación de Vigo, presenta no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo coa data do 07 de novembro de 1997 tres exemplares do planeamento elaborado para a súa tramitación.

Interesado informe previo á súa aprobación inicial á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia en virtude do establecido no artigo 41.3 da Lei do solo de Galicia e a Orde do 19 de agosto de 1997 da devandita Consellería, este é emitido coa data do 9 de decembro de 1997 (folio 3 do expediente) observándose unha serie de deficiencias. Remitido o devandito informe ós arquitectos redactores, presentan informe e documentación correxida segundo as determinacións da CPTOPV.

Coa data do 2 de abril de 1998 o arquitecto municipal de Planeamento e Xestión informa favorablemente desde o punto de vista técnico coa salvedade de que a totalidade das zonas verdes previstas se inclúan no ámbito de polígonos e se subsane, se procede, o dato do propietario posto de manifesto por dona Lucinda Rial Valverde na súa suxerencia fóra de prazo.

Xurídicamente en canto á incidencia da nova Lei 1/1997 do solo de Galicia, indicar que o plan especial de mellora do medio pasa a denominarse plan especial de mellora dos núcleos rurais e a súa regulación ven establecida no artigo 27 da devandita Lei. O documento presentado contén as determinacións a que se refire o apartado 3 do citado artigo e en canto a inclusión da totalidade das zonas verdes previstas no ámbito de polígonos é a solución urbanística axeitada, xa que a obtención das mesmas por outros medios -contribucións especiais- quedaría fóra da propia das técnicas urbanísticas legalmente previstas para isto.

...

A seguir o asinante formula a proposta que se transcribe na parte dispositiva do presente acordo.

Votación:

A FAVOR:

7 votos: 5 PP. (Sres. Comesaña Rial, Gil Sotres, Gutiérrez Mediero, Montero, Escrigas e Pérez Álvarez -alcalde-), 1 BNG (Sr. Pérez Castrillo) e 1 PSdeG-PSOE (Sr. Cabrera Riande)

EN CONTRA:

Ningún voto

ABSTENCIÓNS:

Ningunha

Acordo:

O Consello, en uso das atribucións conferidas polo artigo 8.k) dos estatutos da Xerencia, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- APROBAR INICIALMENTE o PLAN ESPECIAL DE MELLORA DO NÚCLEO RURAL 12.05 MATOCA - OIA, redactado polos arquitectos don Javier Alonso Davila e don Arsenio Piñeiro Santos, someténdoo a información pública polo PRAZO DE UN MES na forma prevista no artigo 42.1 e 6 da Lei 1/1997 do solo de Galicia, unha vez se presente a documentación a que se refire o punto seguinte.

SEGUNDO.- Requirir ó equipo redactor do plan especial para que previamente á información pública do expediente presente documentación rectificadora incluíndo a totalidade das zonas verdes previstas no ámbito de polígonos, a dona Lucinda Rial Valverde como propietaria da parcela nº 34 do plano parcelario de conformidade coa súa suxerencia presentada fóra de prazo ó avance (doc. 9782743), así como presenten relación dos propietarios afectados, cos seus domicilios, pola delimitación de polígonos no ámbito do plan os efectos de notificarlles individualmente o trámite de información pública conforme establece o artigo 42.6 da Lei 1/1997.

E para que así conste e para os efectos oportunos, expido esta certificación, de orde e co visto e prace do presidente da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo, a vinte de abril de mil novecentos noventa e oito.

ah/

Vº e Pr.
O PRESIDENTE DA XERENCIA
DE URBANISMO,

Manuel Pérez Álvarez

